CIUG COMISIÓN INTERUNIVERSITARIA DE GALICIA

PAU **CÓDIGO 82**

Convocatoria extraordinaria 2026

HISTORIA DE LA MÚSICA Y LA DANZA

El examen consta de **4 preguntas obligatorias**: la 1 y la 3, de 3 puntos; la 2 y la 4, de 2 puntos. La primera, con respuesta única abierta; la segunda, la tercera y la cuarta, con posibilidad de elección.

CONTEXTO:

Como actividad para la materia de Historia de la Música y de la Danza tiene que realizar Vd. una **presentación** para el grupo de clase, en la que explique un **género musical** histórico. Para ello deberá apoyarse en materiales documentales, como textos e imágenes que identifiquen el género y lo contextualicen histórica, estilística y socialmente. Este es el texto y la imagen que va a utilizar en este caso:

La edición de las Cantigas ha demostrado que la lírica musical española del siglo XIII merece un lugar de honor entre las naciones cultas de la Europa coetánea. El Códice Musical de Las Huelgas nos dio motivo para estudiar a fondo la gloriosa aportación hispánica a la historia universal de la música durante los siglos VI al XIII, lo mismo en el campo del arte monódico que en el de la polifonía. El repertorio alfonsino de la Corte castellana, al par que el del monasterio del Císter de Las Huelgas, son siempre del género sagrado; el Cancionero Musical de Palacio, en cambio, contiene el fondo de la canción polifónica profana, producto auténtico de la Corte de los Reyes Católicos y de la Casa ducal de Alba. El estudio crítico-histórico de un tal repertorio nos servirá a maravilla para esclarecer una época un tanto desconocida en el sentido artístico, y por tratarse del tiempo en que la música hispánica se presenta ya con características nacionales que la distinguen de las otras escuelas europeas (…).

De la música conservada se deduce, asimismo, que a pesar de que nuestros compositores conocían el estilo de la escuela franconeerlandesa, prefirieron seguir con su tipismo nacional, el cual tendía siempre al expresivismo dramático, valiéndose de formas musicales simplicísimas. Quizá en el género de la música profana la simplicidad de medios técnicos es aún más sorprendente. El repertorio que hoy ofrecemos señala que así como el poeta pretendió expresar su pensamiento, profundamente amoroso y finamente delicado, con verso sencillo, avaro de palabras y generoso de sentimiento, así el compositor sabe encontrar efectos de emotividad sorprendente con acordes naturales, aparentemente arcaicos, que acompañan una melodía tradicional típicamente hispánica. El substrato popular que rezuman tantos villancicos y romances castellanos de la presente colección, unido a la simplicidad de formas contrapuntísticas, es lo que forma contraste con el repertorio profano de la canción amorosa de las Cortes de Borgoña y de Francia.



PREGUNTA 1. PERCEPCIÓN VISUAL Y AUDITIVA / CONTEXTOS DE CREACIÓN. (3 puntos)
A partir del texto y la imagen propuestas, prepare un texto escrito en el que explique el género escogido para la presentación. La estructura del texto será como sigue: una introducción, donde defina el género; un comentario, donde sintetice dos ideas principales que estén en el texto y/o relacionadas con la ilustración; una conclusión, donde sitúe cronológica y geográficamente, el género tratado, relacionándolo con otros elementos del contexto histórico y social. Extensión máxima: 400 palabras (2 páginas).


PREGUNTA 2. EXPERIMENTACIÓN ACTIVA. (2 puntos)
La presentación preparada anteriormente, requiere ser seguida de una audición que sirva como **ejemplo musical**. Para ello puede utilizar una obra que Vd conozca, o bien puede escoger una de entre estas tres: a) J. de la Encina. *Hoy comamos y bebamos.* b) J. B. Lully. *Ouverture*, del Ballet de la Nuit; c) M. Códax. *Quantas sabedes amar amigo*.
Debe justificar su elección, atendiendo al género, cronología, función social, así como a cualquier otro aspecto que considere pertinente.

PREGUNTA 3. CONTEXTOS DE CREACIÓN / INVESTIGACIÓN, OPINIÓN CRÍTICA Y DIFUSIÓN. (3 puntos)
Una vez realizadas varias presentaciones en la clase, la profesora propone varios temas que no fueron tratados todavía. Los temas son los siguientes: a) El ballet contemporáneo; b) El Primer Clasicismo Vienés; c) La música romántica para piano. A Vd. se le pide que **escoja uno de estos temas** y seleccione **una o dos obras musicales** (a su criterio) para ilustrar ese tema. Justifique su elección en 100-150 palabras (media página).

PREGUNTA 4. CONTEXTOS DE CREACIÓN / INVESTIGACIÓN, OPINIÓN CRÍTICA Y DIFUSIÓN. (2 puntos)
Para completar las presentaciones en la clase, se hace una exposición con imágenes que ilustran algún aspecto de la historia de la danza.
Escoja una de entre las dos imágenes que siguen, y conteste a las preguntas que se hacen sobre ella debajo.



4.1. Responda estos dos subapartados: (2 puntos)
4.1.1. Identifique la cronología y el contexto histórico de la imagen.
4.1.2. Indique un ejemplo de obra musical y coreográfica representativa de ese momento y estilo y relaciónelo con la imagen



4.2. Responda estos dos subapartados: (2 puntos)
4.2.1. Identifique la cronología y el género o géneros de la escena de danza representada en la imagen.
4.2.2. Explique la funcionalidad de la obra en su contexto histórico y social.

CIUG COMISIÓN INTERUNIVERSITARIA DE GALICIA

PAU **CÓDIGO 82**

Convocatoria extraordinaria 2026

HISTORIA DA MÚSICA E DA DANZA

O exame consta de **4 preguntas obrigatorias**: a 1 e a 3, de 3 puntos; a 2 e a 4, de 2 puntos. A primeira, con resposta única aberta; a segunda, a terceira e a cuarta, con posibilidade de elección.

CONTEXTO:

Como actividade para a materia de Historia da Música e da Danza ten que realizar Vde. unha **presentación** para o grupo de clase, na que explique un **xénero musical** histórico. Para iso deberá apoiarse en materiais documentais, como textos e imaxes que identifiquen o xénero e o contextualicen histórica, estilística e socialmente. Este é o texto e a imaxe que vai utilizar neste caso:

A edición das Cantigas ten demostrado que a lírica musical española do século XIII merece un lugar de honra entre as nacións cultas da Europa coetánea. O Códice Musical de Las Huelgas deunos motivo para estudar a fondo a gloriosa achega hispánica á historia universal da música durante os séculos VI ao XIII, o mesmo no campo da arte monódica que no da polifonía. O repertorio alfonsino da Corte castelá, á par que o do mosteiro do Císter de Las Huelgas, son sempre do xénero sagrado; o Cancionero Musical de Palacio, en troques, contén o fondo da canción polifónica profana, produto auténtico da Corte dos Reis Católicos e da Casa Ducal de Alba. O estudo crítico-histórico dun tal repertorio sérvenos á marabilla para esclarecer unha época un tanto descoñecida no sentido artístico, e por tratarse dun tempo no que a música hispánica se presenta xa cos trazos nacionais que a distinguen das outras escolas europeas (...).

Da música conservada dedúcese, así mesmo, que malia que os nosos compositores coñecían o estilo da escola franconeerlandesa, optaron por seguir co seu tipismo nacional, o cal tendía sempre ao expresivismo dramático, valéndose de formas musicais simplísimas. Quizais no xénero da música profana a sinxeleza de medios técnicos é aínda máis sorprendente. O repertorio que hoxe ofrecemos sinala que así como o poeta pretendeu expresar o seu pensamento, fondamente amoroso e finamente delicado, con verso sinxelo, avaro de palabras e xeneroso de sentimento, así o compositor sabe atopar efectos de emotividade sorprendente con acordes naturais, aparentemente arcaicos, que acompañan unha melodía tradicional tipicamente hispana. O substrato popular que zumegan tantos vilancicos e romances castelás da presente edición, unido á simplicidade das formas contrapuntísticas, é o que fai contraste co repertorio profano da canción amorosa das Cortes de Borgoña e Francia.



PREGUNTA 1. PERCEPCIÓN VISUAL E AUDITIVA / CONTEXTOS DE CREACIÓN. (3 puntos)
A partir do texto e da imaxe propostas, prepare un texto escrito no que explique o xénero escollido para a presentación. A estrutura do texto será como segue: unha introdución, onde defina o xénero; un comentario, onde sintetice dúas ideas principais que estean no texto e/ou relacionadas coa ilustración; unha conclusión, onde sitúe cronolóxica e xeograficamente, o xénero tratado, relacionándoo con outros elementos do contexto histórico e social. Extensión máxima: 400 palabras (2 páxinas).


PREGUNTA 2. EXPERIMENTACIÓN ACTIVA. (2 puntos)
A presentación preparada anteriormente, require ser seguida dunha audición que sirva como **exemplo musical**. Para iso pode utilizar unha obra que Vde. coñeza, ou ben pode escoller unha de entre estas tres: a) J. de la Encina. *Hoy comamos y bebamos.* b) J. B. Lully. *Ouverture*, do Ballet de la Nuit; c) M. Códax. *Quantas sabedes amar amigo*. Debe xustificar a súa elección, atendendo ao xénero, cronoloxía, función social, así como a calquera outro aspecto que considere pertinente.

PREGUNTA 3. CONTEXTOS DE CREACIÓN / INVESTIGACIÓN, OPINIÓN CRÍTICA E DIFUSIÓN. (3 puntos)
Unha vez realizadas varias presentacións na clase, a profesora propón varios temas que non foron tratados aínda. Os temas son os seguintes: a) O ballet contemporáneo; b) O Primeiro Clasicismo Vienés; c) A música romántica para piano. A Vde. pídeselle que **escolla un destes temas**, e seleccione **unha ou dúas obras musicais** (ao seu criterio) para ilustrar ese tema. Xustifique a súa elección en 100-150 palabras (media páxina).

PREGUNTA 4. CONTEXTOS DE CREACIÓN / INVESTIGACIÓN, OPINIÓN CRÍTICA E DIFUSIÓN. (2 puntos)
Para completar as presentacións na clase, faise unha exposición con imaxes que ilustran algún aspecto da historia da danza.
Escolla unha de entre as dúas imaxes que seguen, e conteste as preguntas que se fan sobre ela debaixo.



4.1. Responda estes dous subapartados: (2 puntos)
4.1.1. Identifique a cronoloxía e o contexto histórico da imaxe.
4.1.2. Indique un exemplo de obra musical e coreográfica representativa dese momento e estilo e relacióneo coa imaxe.



4.2. Responda estes dous subapartados: (2 puntos)
4.2.1. Identifique a cronoloxía e o xénero ou xéneros da escena de danza representada na imaxe.
4.2.2. Explique a funcionalidade da obra no seu contexto histórico e social.